

ÁNIMOOO!!!! Os que teñades ordenador ou tableta, practicade a facer exercicios en Word. Os que non tedes, anotades a data, o título do pdf e o número de cada exercicio na libreta. ADIVANTE !!! Polo de agora, espérovos en quintogandara@gmail.com e máis en prensasofan@gmail.com

Nome: _____ Data: _____

UNIDADE 4: A BIOSFERA

1 Completa a táboa.

Capas da Terra	Características

2 Estes organismos pertencen a un mesmo ecosistema: serpe, maceira, rato e aguia.

a) Constrúe unha cadea trófica.

b) Indica os seres vivos que son produtores e os que son consumidores.

3 Que funcións realizan as raíces e o talo nunha planta?

4 Como distinguirías unha célula animal dunha vexetal?

5 Relaciona:

Bosques

Pozas e lagoas

Pradarías

Espazos litorais

1) Son terreos chairros, fértiles e con plantas herbáceas.
2) Son moi sensibles á contaminación e á construción de portos, espigóns etc.
3) Aínda que ocupan grandes superficies, a sobreexplotación de madeira é o seu principal problema.
4) Formanse en depresións no chan e poden ser estacionais ou permanentes.

Nome: _____ Data: _____

1 Le os seguintes textos sobre dous hábitats diferentes.

DESERTO As temperaturas son moi altas durante o día e frías pola noite, e a dispoñibilidade de auga é moi escasa. Certos animais e plantas adaptáronse a este contorno.

RÍO As súas augas son claras, doces, frías e descenden a gran velocidade. O volume de auga corrente é máis grande na primavera e no outono que no verán e no inverno.

a) Fixate nesta lista de seres vivos e rodea aqueles que atoparíamos nun deserto:
margaridas - ostras - palmeiras - osos - camelos - baleas - cactus - abetos - serpes

b) Que información do segundo texto che permitiría deducir que o hábitat descrito é un río aínda que non se indicase?

c) Que seres vivos poden vivir nun río ou nas súas beiras?

d) Describe unha relación de depredación a partir dos animais que anotaches na pregunta anterior.

2 Que funcións realizan as follas e a flor nunha planta?

3 Completa as seguintes oracións.

a) Unha rede trófica está formada por un conxunto de _____

b) Os vasos condutores poden ser de dous tipos: os vasos _____ e os vasos _____

c) A célula vexetal distingueuse da animal porque ten _____

d) A fotosíntese é o proceso mediante o cal, a planta fábrica _____ a partir de _____

e) A contaminación producéna accións humanas como _____

REPASO... En que unidade do libro podes atopar axuda?? (Lembrede buscar e facer algún experimento caseiro con xeo, xabón, "lacasitos"...calquera cousa que teñades en casa. En breve veredes unha mostra no blog de 6º)

Práctica 1: Disolucións

Introdución


A auga é un dos disolventes máis empregados. Nesta actividade práctica mesturaranse diversas substancias en auga para estudar o seu comportamento.

Material

- Tres vasos de precipitados
- Unha culleríña
- Auga
- Sal, aceite e area fina

Procedemento

- Colle o primeiro vaso e éncheo de auga. Seguidamente, engade aceite e axita a mestura coa culler. Observa que ocorreu ao cabo dun minuto.
- Enche o segundo vaso de auga. Agrégalle tres culleradas de sal e remove coa culler ata que se disolva o sal. Observa a mestura pasado un minuto.
- Finalmente, enche de auga o terceiro vaso. Engade dúas culleradas de area fina e remove. Unha vez máis, observa o aspecto que ten a mestura pasado dun minuto.



Actividades

a) Ao rematar a experiencia, completa a táboa.

Aspecto da mestura	Tipo de mestura
Auga e aceite	homoxénea/heteroxénea
Auga e sal	
Auga e area	

b) Describe outro *solutro* que, disolto en auga, dea lugar a:

— Unha mestura homoxénea:

— Unha mestura heteroxénea:


Práctica 3: A fermentación

Introdución

Os fermentos son un tipo de fungos que están moi presentes na nosa dieta diaria como por exemplo no pan. Nesta actividade mesturaranse diversas substancias para mostrar a fermentación.

Material

- Unha culler de azucre
- Un vaso con auga morna
- Unha culler de fermento
- Unha culler de metal
- Unha bolsa pequena de plástico



Procedemento

- Disolve o azucre na auga morna coa axuda da culler de metal e remove a mestura. Cando xa está disolvido, agrega o fermento e volve a remover todo para mesturar até que estea todo disolto.
- Seguidamente, cando a mestura estea feita, baléiraa na bolsa de plástico. Pecha a bolsa intentando que non quede aire no seu interior.
- Finalmente, observa a mestura pasados 20 minutos.

Actividade:

- Despois de realizar a práctica, anota o que ocorreu pasados os 20 minutos
- Que ocorre se se mete a mestura nun lugar frío, como por exemplo nun frigorífico? E se usamos auga fría en vez de auga morna? Proba a facelo e explica o sucedido.
- E se engades azucre no sitio do sal? Que diferenza atopas entre engadir un ou outro ingrediente?
- O fermento é un ser vivo, se non lle engadimos azucre nin auga morna, como se podería realizar a fermentación?